

PERÍFRASIS VERBAIS

As perífrasis verbais están formadas por un verbo conxugado máis outro verbo en infinitivo, xerundio ou participio.

Exemplo: deu comido

Ás veces entre os dous verbos pode ir algún elemento de unión (a, de, que...)

Exemplo: temos que lavar

Os verbos conxugados nas perífrasis verbais perden o seu significado, e toman outro significado. Vexamos uns exemplos:

Perífrasis Verbal	Expresan	Exemplo
ter + que + infinitivo	obligación	Temos que mercar carne
dar + participio	Acción acabada	Dei acabado os deberes
ter + participio	repetición	Teño falado moito con el
ir + infinitivo	futuro	Vai mercar unha tixola
romper + a + infinitivo	Inicio dunha acción	O neno rompeu a chorar
andar + xerundio	Acción non acabada	Anda dicindo mentiras

Exercicios:

1.- Escribe o infinitivo, xerundio e participio dos seguintes verbos:

chover

fuxir

fartar

cociñar

beber

reunir

2.- Copia estas oración e subliña as perífrasis verbais. Debaixo do subliñado indica por quen están formada e despois indica ao lado que expresan esas perífrasis verbais.

a) Vos tedes que estudar moito máis

b) Mei pai anda fregando os pratos

c) Agora imos tomar un café con leite

d) De súpero rompeu a chorar

e) Non dou aprobado esa materia

f) Ese neno xa o teño collido do colo